

# MOBILIZA ROSALÍA

Desde o profundo da voz e co seu canto radical e solidario, Rosalía de Castro mobiliza a nosa conciencia colectiva, galega e universal.

A obra de Rosalía, adiantada ao seu tempo, fala tamén para a mocidade do século XXI: adáptase, camaleónica, a todos os soportes e medios de difusión tecnolóxica, en papel ou dixitais.

Ao cuidado de  
Equipo Directivo  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias  
Departamento de Lingua e Literatura Galega  
Departamento de Educación Plástica e Visual

A [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) dispónse a conmemorar un ano máis o **Día de Rosalía de Castro**. O 24 de febreiro, fixado no Calendario do Libro e da Lectura como aniversario do nacemento da autora, esta entidade propón á cidadanía que agasalle un libro en galego e unha flor, alén doutras accións que contaron con grande aceptación e impulso por parte da sociedade, e moi especialmente polo sector educativo, como se pode comprobar no [arquivo audiovisual e de imaxes da nosa web](#).

## DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO 2016 24 DE FEBREIRO

Por iso, para expandir o poder da súa palabra entre a xente nova, a AELG convida a celebrar o Día de Rosalía de Castro nos centros de ensino con estas accións colectivas de difusión da súa obra:

### EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

Propoñemos o envío masivo e simultáneo dun verso de Rosalía desde os terminais móbiles do alumnado e do profesorado dos centros, baixo a etiqueta [#mobilizarosalía](#). O verso, do poema IV de *Cantares gallegos* (parte da estrofa 13) é o seguinte:

Trocando en sonrisas / queixiñas e choros

Que se enviaría través das redes sociais, en calquera das súas múltiples aplicacións e formatos, acompañado dunha imaxe alusiva a Rosalía.

Esta acción pode realizarse, con autorización previa da dirección do centro e supervisión das/os docentes, durante un período concreto de clase ou no período de recreo.

## EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

A AELG propón a elaboración e envío dunha postal cun deseño alusivo ao Día de Rosalía, e cun verso ou estrofa que actúe de estímulo creativo para que rapazas e rapaces realicen un debuxo en torno á figura de Rosalía de Castro. Convidamos a que este traballo se realice na semana previa ao 24 de febreiro, para que ese día concreto se proceda desde os centros a un envío das postais aos enderezos das familias do alumnado, como agasallo rosaliano personalizado pola rapazada. Como texto propoñemos a seguinte estrofa de "Alborada", tamén de *Cantares gallegos*:

*Canta, paxariño alegre,  
canta!  
Canta porque o millo medre,  
canta!  
Canta porque a luz te escoite,  
canta!  
Canta que fuxeu a noite.*

Desde a AELG, convidamos á comunidade educativa a que se implique de forma activa nesta festa que celebra o nome e a obra da poeta maior de Galicia, chave mestra da nosa literatura e da nosa conciencia como pobo.

Agradecemos que nos comuniquedes ([oficina@aelg.org](mailto:oficina@aelg.org)) a vosa intención de participar desta iniciativa, para a facer constar na nosa [web](#) e colaborarmos así na súa difusión. Tamén, e co mesmo obxectivo, podeades achegarnos noticia doutras actividades que organicedes, así como toda aquela documentación (gráfica, audiovisual...) que derive da realización do Día de Rosalía no voso centro.

Recibide un saúdo cordial en nome do Consello Directivo da AELG,  
Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente  
Mercedes Queixas Zas, secretaria xeral